

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. -Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro “Específico Parte teórica” entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro “Específico Parte práctica” entre os números E56 e E110 da “FOLLA DE RESPOSTAS”
3. – O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. – Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na “FOLLA DE RESPOSTAS” é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a “FOLLA DE RESPOSTAS”, no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo se establece no procedemento de adaptación de postos e condicións de traballo por razóns de protección da saúde e da maternidade nas institucións do Servizo Galego de Saúde, os informes emitidos pola UPRL serán remitidos:

- A) Ao traballador.
- B) Á Xerencia.
- C) Ao traballador e á Xerencia.
- D) Ao traballador, á Xerencia e aos delegados de prevención.

2. Establécense os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención en:

- A) Constitución Española.
- B) Real Decreto 843/2011.
- C) Lei 31/1995.
- D) Lei 54/2003.

3. Segundo o procedemento P- PRL-19 de actuacións fronte a situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo do Servizo Galego de Saúde, quen emite a resolución do procedemento?

- A) Xerencia.
- B) Comisión de investigación.
- C) Dirección de Recursos Humanos.
- D) Instrutor.

4. Entre as estratexias para mellorar as coberturas de vacinación en traballadores sanitarios, encóntanse:

- A) A formación regrada e periódica dos traballadores en vacinas.
- B) A información periódica sobre inmunizacións nas campañas de vacinación.
- C) A revisión periódica e o rexistro de vacinacións do persoal sanitario polo persoal dos Servizos Médicos.
- D) Todas son correctas.

5. O Real Decreto 665/1997, do 12 de maio, ten por obxecto a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a:

- A) Axentes químicos.
- B) Axentes canceríxenos.
- C) Axentes químicos e canceríxenos.
- D) Ningunha das anteriores.

6. O percentil 50 (p50) coincide con:

- A) Mediana.
- B) Moda.
- C) Varianza.
- D) Desviación típica.

7. Sinala a resposta incorrecta:

- A) A integración sociolaboral é considerada como o obxectivo inmediato da rehabilitación profesional e final da rehabilitación integral.
- B) O éxito da integración sociolaboral de persoas discapacitadas depende fundamentalmente do seu ingreso en centros especializados en rehabilitación profesional.
- C) O obxectivo da rehabilitación funcional é recuperar, na medida do posible, a función perdida e potenciar as capacidades necesarias para un desempeño funcional, ocupacional e social.
- D) O proceso de rehabilitación profesional debe iniciarse simultaneamente coas accións de rehabilitación funcional.

8. O instrumental sanitario cortopunzante ten a consideración de:

- A) Equipo de traballo pero non de produto sanitario.
- B) Equipo de traballo e produto sanitario.
- C) Produto sanitario pero non equipo de traballo.
- D) A efectos legais non é produto sanitario nin tampouco equipo de traballo.

9. Entre as recomendacións xerais para evitar a aparición de TME orixinados por posturas, NON está:

- A) Tarefas e operacións que proporcionen suficiente variación física.
- B) Alternar, na medida do posible entre as posicións sentada, de pé e andando.
- C) Evitar as posturas forzadas de xeonllos ou en crequenas.
- D) Diminuír a repetitividade das accións.

10. A mobilización de todo accidentado é unha manobra de risco que esixe o coñecemento das formas de actuación, entre as que se atopan:

- A) Valoración da contorna e do propio accidentado para tomar as medidas oportunas de protección e seguridade.
- B) Exploración da persoa accidentada para pescudar lesións importantes, que poñan de inmediato en perigo a súa vida ou lesións futuras.
- C) Inmobilizar todas as partes do corpo que sospeitemos poidan ser asento dunha lesión traumatolóxica.
- D) Todas son verdadeiras.

11. Sinale cal non é un principio da acción preventiva segundo a Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais:

- A) Avaliar os riscos que se poidan evitar.
- B) Combater os riscos na súa orixe.
- C) Adaptar o traballo á persoa.
- D) Todos son principios da acción preventiva.

12. O documento que establece o procedemento para avaliar os riscos laborais e planificar a actividade preventiva no Servizo Galego de Saúde é:

- A) P-PRL 02.
- B) P-PRL 05.
- C) P-PRL 07.
- D) P-PRL 08.

13. Se en asistencia sanitaria revísanse unha mostra de historias de enfermería dun centro de saúde e infórmase acerca da calidade da asistencia no devandito centro, trátase dunha avaliación de criterios:

- A) Implícitos.
- B) Implícitos empíricos.
- C) Implícitos normativos.
- D) Explícitos.

14. En virtude do artigo 13, Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, Lei de infraccións e sancións da orde social, cal das seguintes infraccións non se considera moi grave?:

- A) Non observar as normas específicas en materia de protección da seguridade e a saúde das traballadoras durante os períodos de embarazo e lactancia.
- B) Incumprir o deber de confidencialidade no uso dos datos relativos á vixilancia da saúde dos traballadores, nos termos previstos no apartado 4 do artigo 22 da Lei de prevención de riscos laborais.
- C) As accións ou omisións que impidan o exercicio do dereito dos traballadores para paralizar a súa actividade nos casos de risco grave e inminente, nos termos previstos no artigo 21 da Lei de prevención de riscos laborais.
- D) Non dar conta, en tempo e forma, á autoridade laboral competente, conforme ás disposicións vixentes, dos accidentes de traballo ocorridos e das enfermidades profesionais declaradas cando teñan a cualificación de leves.

15. Segundo o DECRETO 163/2010, do 16 de setembro a Comisión Técnica do Observatorio de violencia no contorno laboral do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde terá como Presidente:

- A) O/a titular da Dirección Xeral de Recursos Humanos.
- B) A persoa titular da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
- C) O/a titular do Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais.
- D) O/a titular da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, da Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Seguridade Asistencial.

16. A partir de que peso se considera que unha carga pode entrañar un potencial risco dorsolumbar se se manipula en condicións ergonómicas desfavorables?

- A) 3 kg.
- B) 5 kg.
- C) 7 kg.
- D) Ningunha é correcta.

17. Dentro da vixilancia da saúde dos traballadores, a que colectivo dos seguintes débese realizar unha exploración oftalmolóxica anual (exame do cristalino)?:

- A) Traballadores de laboratorio que utilizan microscopia.
- B) Traballadores de hostalaría.
- C) Traballadores expostos a radiacións ionizantes clasificados como categoría A.
- D) Traballadores con pantallas de visualización de datos.

18. O procedemento que establece os mecanismos de actuación para realizar as avaliacións internas en materia de prevención de riscos laborais, detectando non conformidades, co fin de verificar o correcto funcionamento do Sistema de Xestión de Prevención de Riscos (SXPRL) é:

- A) P-PRL 17.
- B) P-PRL 16.
- C) P-PRL 21.
- D) P-PRL 8.

19. Un plan de autoprotección revisarase:

- A) Cunha periodicidade non superior a dous anos.
- B) Cunha periodicidade non superior a tres anos.
- C) Cunha periodicidade non superior a un ano.
- D) Cunha periodicidade non superior a catro anos.

20. Sinala cal dos seguintes supostos é considerado accidente de traballo

- A) A imprudencia temeraria
- B) A imprudencia profesional
- C) Os debidos a dolo
- D) Os debidos a forza maior estraña ao traballo

21. O procedemento que define a sistemática para a definición, implantación e seguimento das accións tomadas pola organización para a eliminación das causas das non conformidades reais (accións correctivas) ou potenciais (accións preventivas) do Sistema de Xestión de Prevención de Riscos Laborais é:

- A) P-PRL 17.
- B) P-PRL 16.
- C) P-PRL 21.
- D) P-PRL 8.

22. En aplicación do Real decreto 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores:

- A) Determina o período mínimo entre xornadas en 12 horas.
- B) Establece que non deberá traballarse en quenda de noite máis de dúas semanas seguidas, salvo voluntariamente.
- C) Os traballadores aos que se lles recoñezan problemas de saúde ligados co traballo nocturno teñen dereito a ser destinados a un posto diúrno.
- D) Todas as respostas son correctas.

23. Os traballadores sanitarios considéranse inmunes fronte á Varicela zoster en:

- A) Recordar ter pasado a enfermidade.
- B) Seroloxía de Varicela zoster IgG: Positivo.
- C) Todas son falsas.
- D) A e B son verdadeiras.

24. Señala a CORRECTA de cales son os factores que ten en consideración a Ergonomía:

- A) Físicos
- B) Cognitivos e sociais
- C) Organizacionales e ambientais
- D) Todas son correctas

25. A disciplina que estuda as situacións que poden producir unha enfermidade cuxo orixe se atopa normalmente na presenza de contaminantes físicos, químicos ou biolóxicos no medio ambiente de traballo, é:

- A) Seguridade no traballo.
- B) Hixiene industrial.
- C) Medicina do traballo.
- D) Toxicoloxía laboral.

26. A promoción da saúde no lugar de traballo, é un esforzo común de empresarios, traballadores e a sociedade no seu conxunto para mellorar a saúde e o benestar laboral dos traballadores e comprende:

- A) Mellorar a organización e a contorna de traballo.
- B) Fomentar a participación dos empregados e o seu desenvolvemento persoal.
- C) Establecer un equilibrio entre o traballo e a vida familiar.
- D) Todas son certas.

27. Indique que aspectos débense de valorar antes de indicar a vacinación ao persoal sanitario:

- A) A susceptibilidade do traballador.
- B) O tipo de actividade profesional.
- C) O tempo de exposición.
- D) A e B son certas.

28. Cal das seguintes NON é unha característica da síndrome coñecida como burn out?:

- A) É desenvolvido como consecuencia dunha tensión física, mental e emocional mantida no tempo.
- B) Ten a súa orixe no traballador.
- C) É un proceso gradual.
- D) Afecta a súa vida privada.

29. Señala en que grupo do Cadro de Enfermidades Profesionais están as enfermidades provocadas por axentes físicos.

- A) Grupo 1.
- B) Grupo 2.
- C) Grupo 3.
- D) Grupo 4.

30. Cal destes fluídos está implicado na transmisión ocupacional de patóxenos de transmisión sanguínea?:

- A) Secrecións nasais.
- B) Leite materno.
- C) Líquido sinovial.
- D) Suor.

31. Sinala a resposta CORRECTA respecto dos postos de traballo con pantallas de visualización de datos:

- A) Recoméndase situar a pantalla a unha distancia superior a 40 cm respecto dos ollos do usuario.
- B) Considéranse usuarios os que superen as 4 horas diarias ou 20 semanais de traballo efectivo.
- C) O repousapés debe permitir unha inclinación axustable entre 0° e 15° sobre o plano horizontal.
- D) Todas son certas.

32. Unha vez cumpridos 365 días de incapacidade laboral, sinalar a correcta:

- A) O INSS é o único competente para recoñecer a prórroga expresa de incapacidade temporal en continxencias profesionais.
- B) O médico pode seguir emitindo partes de baixa por continxencias comúns.
- C) Podería recoñecerse unha prórroga de 185 días se se presume que o traballador pode ser dado de alta por curación nese tempo.
- D) O INSS non pode dar de alta se o seu médico de cabeceira non está de acordo.

33. Os residuos da clase III deberanse someter:

- A) A un proceso de incineración.
- B) A un proceso de esterilización.
- C) A un proceso de inactivación.
- D) As respostas A) e B) son correctas.

34. A Resolución conxunta do 29 de maio de 1998, da División de Asistencia Sanitaria e da División de Recursos Humanos, pola que se ordena a publicación do pacto suscrito pola Administración sanitaria coas centrais sindicais UXT, CESM, CC.OO., CSI-CSIF, CIG e SATSE, sobre os sistemas de prevención de riscos e de consulta e participación dos profesionais das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde establece que no exercicio das súas competencias o Comité de Seguridade e Saúde estará facultado para:

- A) Coñecer e analizar os danos producidos na saúde e na integridade física dos traballadores, ao obxecto de valorar as súas causas ou propoñer as medidas preventivas oportunas. Coñecer e informar a memoria e programación anual das unidades básicas de prevención.
- B) Coñecer cantos documentos e informes relativos ás condicións de traballo sexan necesarios para o cumprimento das súas funcións, así como a información médica de carácter persoal procedentes da actividade das unidades básicas de prevención, no seu caso.
- C) Coñecer e analizar os danos producidos na saúde e na integridade física dos traballadores, ao obxecto de realizar un informe correspondente para a Inspección de Traballo sobre as súas causas ou propoñer as medidas preventivas oportunas.
- D) As respostas a e c son correctas.

35. Segundo a Orde do 15 de setembro de 2008, pola que se establecen e implantan os procedementos de seguridade e o sistema de vixilancia, fronte ao accidente con risco biolóxico no ámbito das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, na planificación das accións para prevención de accidentes con risco biolóxico integranse:

- A) A investigación das causas do accidente así como os estudos epidemiolóxicos.
- B) As medidas técnicas así como as medidas relacionadas coa organización do traballo e coas condicións de traballo.
- C) A avaliación das medidas adoptadas así como os estudos epidemiolóxicos.
- D) A investigación das causas do accidente, a avaliación da medidas adoptadas así como os estudos epidemiolóxicos.

36. Segundo o Real Decreto 450/2005, do 22 de abril, sobre especialidades de enfermaría, os programas de formación de cada unha das especialidades serán aprobados por:

- A) O Ministerio de Sanidade e Consumo.
- B) A Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde e do Ministerio de Educación e Ciencia.
- C) O Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde.
- D) A comisión nacional de cada especialidade.

37. A Conferencia Internacional do Traballo celébrase en:

- A) Bruselas.
- B) Ginebra.
- C) Bilbao.
- D) Estrasburgo.

38. O Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo, obriga a almacenar a lista dos traballadores expostos e os seus historiais médicos. Indique a opción correcta:

- A) Durante un prazo mínimo de quince anos despois de finalizada a exposición podendo ser ampliado este prazo ata corenta anos en determinados casos.
- B) Durante un prazo mínimo de dez anos despois de finalizada a exposición podendo ser ampliado este prazo ata trinta anos en determinados casos.
- C) Durante un prazo mínimo de dez anos despois de finalizada a exposición podendo ser ampliado este prazo ata corenta anos en determinados casos.
- D) Durante un prazo mínimo de quince anos despois de finalizada a exposición podendo ser ampliado este prazo ata trinta anos en determinados casos.

39. Nas dermatites de contacto irritativas:

- A) O irritante é un axente físico ou químico capaz de producir dano celular se se aplica en concentración e tempo suficiente.
- B) É unha resposta inflamatoria da pel a un axente externo.
- C) A e B son correctas.
- D) É necesario unha alta concentración do axente irritante causante.

40. Os profesionais expostos a radiacións ionizantes:

- A) Están clasificados en función do risco e dose que reciben.
- B) Están clasificados de acordo coa categoría profesional.
- C) O límite de dose que poden recibir depende da idade e o sexo.
- D) Todas son falsas.

41. Entenderase como risco laboral:

- A) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.
- B) A probabilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.
- C) Aquel que resulte probable racionalmente que se materialice nun futuro inmediato.
- D) Aquel que, en ausencia de medidas preventivas específicas, orixina riscos para a seguridade e a saúde.

42. Segundo a normativa vixente, os EPIs clasifícanse en 3 categorías, sinala cal das seguintes afirmacións é correcta:

- A) Os EPIs utilizados cando o risco é mínimo son de categoría II.
- B) Os EPIs de protección de vías respiratorias son de categoría II.
- C) Os EPIs destinados para ser utilizados fronte a riscos graves ou mortais son de categoría III.
- D) Os EPIs utilizados fronte a alturas son de categoría I.

43. Cal é o procedemento de actualización da carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde?

- A) Mediante Lei Ordinaria.
- B) Mediante Lei Orgánica.
- C) Mediante acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- D) Mediante orde do Ministerio de Sanidade e Consumo, previo acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

44. Cales cre que son os casos aos cales debe de limitarse a sinalización como técnica de seguridade?

- A) Cando non sexa posible eliminar o risco.
- B) Cando non poidan adoptarse sistemas de protección e non se poida protexer á persoa.
- C) Como medida complementaria doutras técnicas de seguridade de concepción ou de corrección.
- D) Todas son verdadeiras.

45. En relación co artigo 22. Vixilancia da saúde, da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, indique a opción incorrecta:

- A) Os resultados da vixilancia da saúde, serán comunicados aos traballadores afectados.
- B) O acceso á información de carácter persoal, limitarase ao persoal médico e ás autoridades sanitarias implicadas.
- C) A vixilancia da saúde realizarase soamente cando exista unha relación laboral entre a empresa e o traballador.
- D) O empresario, as persoas e órganos con responsabilidade en materia de prevención, serán informados das conclusións dos recoñecementos médicos.

46. Quérese realizar un estudo que aborde a exposición laboral a po de madeira e a súa posible relación co desenvolvemento de cancro de seos paranasais. Para iso deséñase un estudo no que se recollen pacientes con este diagnóstico aos que se lles pregunta sobre a súa ocupación laboral e afeccións, e compáranse con suxeitos sans. Cal é o tipo de deseño de estudo empregado?

- A) Ensaio clínico.
- B) Series de casos.
- C) Estudo transversal.
- D) Casos e controis.

47. Dos seguintes factores presentes nunha situación de traballo, cales están relacionados co estrés?

- A) Estresores de ambiente físico.
- B) Estresores relativos ao contido da tarefa.
- C) Estresores relativos á organización
- D) Todas as respostas son correctas.

48. Das seguintes medidas preventivas fronte aos traumatismos de repetición, sinala a que é INCORRECTA:

- A) Alternar tarefas.
- B) Diminuír a duración dos ciclos.
- C) Diminuír a forza de aplicación na tarefa.
- D) Diminuír a adopción de posturas forzadas.

49. Nos termos previstos no capítulo IV da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, entenderase por servizo de prevención propio:

- A) O conxunto de medios humanos e materiais da empresa necesarios para a realización das actividades de prevención.
- B) O conxunto de métodos necesarios da empresa necesarios para a realización das actividades de prevención.
- C) As actividades necesarias da empresa suficientes para a realización das actividades de prevención.
- D) O conxunto de medios humanos e materiais da empresa necesarios para a vixilancia da saúde dos traballadores.

50. Cal destes test valora a dependencia da nicotina:

- A) Test de Kazt.
- B) Test de Fagerstrom.
- C) Test de Braden.
- D) Cuestionario MALT.

51. Se nunha proba estatística se asume un risco $\alpha=0,05$ e un risco $\beta=0,20$, cal será o intervalo de confianza correspondente?

- A) IC 90%.
- B) IC 65%.
- C) IC 85%.
- D) IC 95%.

52. Cal non é unha contraindicación para vacinar?

- A) Enfermidade aguda que curse con febre.
- B) Reacción alérxica grave a doses anteriores de dita vacina.
- C) Estar tomando tratamento antibiótico.
- D) Padecer unha enfermidade cardíaca descompensada.

53. Os equipos de protección persoal pódense clasificar atendendo a:

- A) O seu grao de protección.
- B) Tipo de risco ao que se destinan.
- C) A zona do corpo a protexer.
- D) Todas son certas.

54. En pluriemprego, sinalar a correcta:

- A) O traballador en situación de IT está en IT para calquera tipo de actividade.
- B) Non podo traballar na granxa de aves da que son asalariado pero si podo dar clases na miña academia.
- C) Opereime de apendicite e atópome ben. Non quero a alta para embarcarme na próxima marea pero si para axudar como caixeira á miña nai no supermercado.
- D) O médico estenderá parte de incapacidade para a actividade que non poda realizarse.

55. Cal dos seguintes apartados son factores de risco de estrés laboral?

- A) As esixencias excesivas no traballo.
- B) O acoso continuado.
- C) A violencia por parte de terceiros.
- D) Todas son verdadeiras.

56. Un traballador dun hospital en situación de incapacidade permanente clasificarase, en función da porcentaxe de redución da capacidade de traballo do interesado, nos seguintes graos:

- A) Incapacidade provisional, total e absoluta.
- B) Incapacidade parcial, total e absoluta.
- C) Incapacidade parcial, total e gran invalidez.
- D) Incapacidade parcial, total, absoluta e gran invalidez.

57. Segundo o artigo 23 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, que documentación NON deberá o empresario elaborar e conservar ao dispor da autoridade laboral?

- A) Relación de enfermidades que causasen ao traballador unha incapacidade laboral superior a un día de traballo
- B) Plan de prevención de riscos laborais
- C) Avaliacións de riscos
- D) O resultado dos controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores

58. O órgano colexiado asedor das Administracións Públicas na formulación das políticas de prevención e o órgano de participación institucional en materia de seguridade e saúde no traballo, denomínase:

- A) Observatorio para a Seguridade e Saúde Laboral
- B) Comisión Nacional de Saúde Ocupacional
- C) Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
- D) Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo

59. As principais misións que perseguirá o enfermeiro do traballo durante a vixiancia da saude serán:

- A) Identificar os riscos que puidesen afectar a saude do traballador
- B) Aumentar os niveis de saude promocionando habitos de vida saudable
- C) Identificar os problemas de saude dos traballadores orixinados cos riscos do seu traballo e adiantarse a súa apararición pondo en marcha todas as ferramentas o seu alcance
- D) Todas son certas

60. Un estudante de Formación Profesional de 18 anos está en prácticas na unidade de raios do hospital baixo a súa Unidade de Prevención. Cal sería o límite de dose segundo o real decreto 783/2001, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes?

- A) O límite de dose equivalente para o cristalino será de 50 mSv por ano oficial.
- B) O límite de dose equivalente para a pel será de 150 mSv por ano oficial.
- C) O límite de dose equivalente para as mans, antebrazos, pés e nocellos será de 150 mSv por ano oficial.
- D) Todas as respostas son correctas.

61. En prevención de riscos laborais usanse as cores de seguridade que xa ten significado en si mesmas. A cor bermella usase como sinal de

- A) Prohibición
- B) Advertencia
- C) Obriga
- D) Salvamento

62. O Cover test está indicado para:

- A) Valorar a frecuencia das arritmias cardíacas.
- B) Realizar un diagnóstico diferencial entre hipoacusia sensorial ou de transmisión.
- C) Realizar un diagnóstico diferencial entre unha espirometría obstructiva ou restritiva.
- D) Determinar a presenza de forias.

63. Un traballador sofre un traumatismo mentres realizaba o seu traballo. Segundo o Procedemento de notificación interna, investigación e rexistro dos incidentes e danos derivados do traballo, a quen lle notificará o sucedido?

- A) A recursos humanos.
- B) Ao superior xerárquico.
- C) Á Unidade de Prevención de Riscos Laborais.
- D) Ao dispositivo asistencial establecido.

64. No exercicio das súas competencias o Comité de Seguridade e Saúde estará facultado para:

- A) Coñecer directamente a situación relativa á prevención de riscos no centro de traballo, realizando para ese efecto as visitas que estime oportunas.
- B) Coñecer cantos documentos e informes relativos ás condicións de traballo sexan necesarios para o cumprimento das súas funcións, así como os procedentes da actividade das unidades básicas de prevención, no seu caso.
- C) Coñecer e analizar os danos producidos na saúde e na integridade física dos traballadores, ao obxecto de valorar as súas causas ou propoñer as medidas preventivas oportunas. Coñecer e informar a memoria e programación anual das unidades básicas de prevención.
- D) Todas as respostas son correctas.

65. As posturas forzadas comprenden:

- A) As posicións do corpo fixas ou restrinxidas.
- B) As posturas que sobrecargan músculos ou tendóns.
- C) As posturas que producen carga estática na musculatura.
- D) Todas son correctas.

66. O hospital H revisou o seu plan de autoprotección e ante a implantación de novos servizos considérase que se debe elaborar un novo que será confeccionado por:

- A) A xerencia hospitalaria.
- B) Os delegados sindicais.
- C) Un servizo de prevención externo.
- D) Un técnico competente cualificado para determinar sobre aqueles aspectos relacionados coa autoprotección fronte aos riscos propios da actividade.

67. Na empresa ABC produciuse un accidente laboral e o traballador demandou á empresa perante o xulgado do Social. O xuíz solicita informe á Inspección Provincial de Traballo e esta:

- A) Emite o informe correspondente dentro do seu ámbito de competencia.
- B) Non pode emitir informes sen autorización do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- C) Só emite informes solicitados pola Audiencia Provincial.
- D) Emite informes no caso de que a demanda prospere xudicialmente.

68. Indica cal das seguintes afirmacións respecto da práctica de reencapuchado de agullas é CORRECTA:

- A) O reencapuchado de agullas está totalmente prohibido.
- B) Aínda que non hai normativa legal que o prohiba é unha recomendación estendida.
- C) Está prohibido excepto en certos actos cirúrxicos e situacións de urxencia.
- D) Só se debe realizar naqueles cortopunzantes con bioseguridade de tipo activa.

69. ¿Que vacina non está recomendada para todo o persoal sanitario?

- A) Tétanos–Difteria
- B) Hepatite B
- C) Hepatite A
- D) Varicela Zoster

70. Dos seguintes produtos, sinala o que NON se emprega como desinfectante.

- A) Ácido peracético.
- B) Óxido nitroso.
- C) Hipoclorito sódico.
- D) Amonio cuaternario.

71. Segundo o artigo 7 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación de profesións sanitarias, corresponde aos enfermeiros/ as as seguintes funcións:

- A) A prestación dos coidados propios da súa disciplina, a través de tratamentos con medios e axentes físicos, dirixidos á recuperación e rehabilitación de persoas con disfuncións ou discapacidades somáticas, así como á prevención das mesmas.
- B) A dirección, avaliación e prestación dos coidados orientados á promoción, mantemento e recuperación da saúde, así como á prevención de enfermidades e discapacidades.
- C) A prestación persoal directa que sexa necesaria nas diferentes fases do proceso de atención integral de saúde e, no seu caso, a dirección e avaliación do desenvolvemento global do devandito proceso.
- D) A indicación e realización das actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde, á prevención das enfermidades e ao diagnóstico, tratamento, terapéutica e rehabilitación dos pacientes, así como ao axuízamento e prognóstico dos procesos obxecto de atención.

72. Un beneficiario do Sistema Nacional de Saúde sofre un accidente doméstico de risco vital e é atendido nun servizo hospitalario privado–non concertado, considérase incluído na carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde?

- A) Nunca.
- B) Non, salvo en situacións de risco vital e que se xustifique que non puideron ser utilizados os medios propios ou concertados do Sistema Nacional de Saúde.
- C) En todo caso.
- D) En situacións de risco vital.

73. O TSPRL está a avaliar un posto de traballo desde o enfoque de como os procesos mentais como a memoria, razoamento e resposta motora do traballador se afectan na interacción con outros compoñentes do sistema. Este tipo de Ergonomía chámase:

- A) Ergonomía cognitiva.
- B) Ergonomía organizacional.
- C) Ergonomía física.
- D) Ningunha das anteriores.

74. Un traballador do SERGAS sofre un accidente laboral polo que precisa unha IT (incapacidade temporal) por continxencia profesional. Quen lle estende a baixa laboral?:

- A) O médico do traballo do seu servizo de prevención, xa que foi por continxencia laboral.
- B) O seu médico de cabeceira.
- C) O seu médico de cabeceira ou o médico do traballo do servizo de prevención indistintamente
- D) O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.

75. Cal é a actuación dos Enfermeiros do Traballo ante a prevención e valoración dun traballador cunha sospeita de dermatite de contacto alérxica de orixe ocupacional?

- A) Realizar historia clínica exhaustiva, facendo fincapé non só na Historia laboral, senón tamén nas súas aficións extralaborais.
- B) Observar a aparencia suxestiva, por localización, distribución e tipo de lesión.
- C) Ningunha resposta é certa.
- D) A e B son certas.

76. Traballadora sanitaria embarazada que acode ao Servizo de Prevención para actualizar o seu calendario de vacinación

- A) Administrase unha dose de Tétano–difteria–tosferina acelular (dTpa) entre a semana 27 e 36 de xestación
- B) Administrarase 1 dose de vacina Gripe estacional independentemente do trimestre de xestación.
- C) Se non está inmunizada fronte á Rubeola, recibirá 1 dose no primeiro trimestre do embarazo.
- D) A e B son correctas.

77. Que é o primeiro que hai que facer para seleccionar un EPI?

- A) Falar cos traballadores e consultarlle as súas necesidades.
- B) Falar co fabricante dos EPI.
- C) Elixir a cor e o deseño.
- D) Avaliar o tipo de risco ao que están expostos os traballadores.

78. Unha traballadora do teu centro de traballo acode a recoñecemento médico e durante a recollida de información acerca das características do seu posto de traballo refire utilizar de maneira habitual halotano. Cal será o protocolo de vixilancia sanitaria específica a aplicar?

- A) Axentes anestésicos inhalatorios.
- B) Asma laboral.
- C) Dermatoses laborais.
- D) Axentes citostáticos.

79. Segundo a Organización Mundial da Saúde, a que nivel de prevención equivale a educación sanitaria e as vacinacións?

- A) Prevención primaria.
- B) Prevención secundaria.
- C) Prevención terciaria.
- D) Prevención cuaternaria.

80. A presentación da gammaglobulina específica IM fronte a hepatite B que se recomenda utilizar nunha persoa de 70 Kg é:

- A) Presentación de 200 UI.
- B) Presentación de 300 UI.
- C) Presentación de 400 UI.
- D) Presentación de 1000 UI.

81. En aplicación do procedemento de adaptación de postos e condicións de traballo por razóns de protección da saúde e da maternidade, cando se trate de protexer a maternidade dunha traballadora. Elixo a resposta incorrecta:

- A) Existe a posibilidade de cambio de posto de traballo a unha categoría laboral diferente.
- B) O Comité de Seguridade e Saúde será informado sobre as resolucións que se adopten de cambio de posto de traballo.
- C) En ningún caso poderá traballar nun servizo de radioloxía.
- D) Os informes da UPRL poden declarar non apta á traballadora para o seu posto de traballo.

82. Segundo o protocolo de vixilancia sanitaria específica de traballos con pantallas de visualización de datos, o recoñecemento oftalmolóxico NON comprenderá:

- A) Agudeza visual mono e binocular.
- B) Opacidade do cristalino.
- C) Equilibrio muscular.
- D) Sentido cromático.

83. O incumprimento polos empresarios das súas obrigacións en materia de prevención de riscos laborais dará lugar a responsabilidades de tipo:

- A) Administrativas.
- B) Civís.
- C) Penais, polos danos e prexuízos que poidan derivarse do devandito incumprimento.
- D) Todas as respostas son correctas.

84. Dentro da vixilancia da saúde dos traballadores a historia clínica-laboral, segundo o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, artigo 37, debe incluír:

- A) Os datos de anamnese, exploración clínica e control biolóxico e estudos complementarios en función dos riscos inherentes ao traballo.
- B) Descrición detallada do posto de traballo, o tempo de permanencia no mesmo, os riscos detectados na análise das condicións de traballo, e as medidas de prevención adoptadas.
- C) En caso de dispoñerse diso, unha descrición dos anteriores postos de traballo, riscos presentes nos mesmos, e tempo de permanencia para cada un deles.
- D) Todas as anteriores son correctas.

- 85. Como consecuencia da valoración dun risco conclúese que non se debe comezar nin continuar o traballo ata que se reduza o risco e, se non é posible reducir o risco, ata con recursos limitados, debe prohibirse o traballo. Este é un risco de tipo:**
- A) Moderado.
 - B) Importante.
 - C) Inminente.
 - D) Intolerable.
- 86. Entre os traumatismos específicos en man e pulso provocados por movementos repetidos NON se atopa:**
- A) Tendinite.
 - B) Tenosinovite.
 - C) Síndrome da canle de Guyon.
 - D) Dedos en gatillo.
- 87. Cales son os criterios dunha RCP de gran calidade?**
- A) Realizar trinta compresións torácicas seguidas de dúas ventilacións.
 - B) Realizar vinte compresións torácicas seguidas dunha ventilación.
 - C) Realizar compresións torácicas cunha profundidade de 5-6 cm e unha frecuencia de 100-120 compresións por minuto.
 - D) A e C son correctas.
- 88. As primeiras medidas dirixidas a previr a síndrome coñecida como burn out dentro dunha empresa débense dirixir a:**
- A) Factores de risco a nivel de organización da empresa.
 - B) Factores de risco a nivel persoal do traballador.
 - C) Factores de risco a nivel social do traballador.
 - D) Factores de risco a nivel económico do traballador.
- 89. Unha empresa de 150 traballadores ten contratadas a 2 persoas con certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%, cumpre o mínimo establecido no artigo 42.1 da Lei Xeral de Discapacidades?**
- A) Si.
 - B) Non, a Lei establece un mínimo de 5 traballadores.
 - C) Depende de se é unha empresa pública ou privada.
 - D) Non, debería polo menos ter 3 traballadores, é dicir, como mínimo o 2% do cadro de persoal.
- 90. Cal dos seguintes efectos clínicos non poden ser considerados como consecuencias físicas de estrés laboral?**
- A) Hipertensión arterial.
 - B) Aumento do consumo de alcol, tabaco e outras drogas.
 - C) Exacerbación de enfermidades dermatolóxicas.
 - D) Elevación dos niveis de cortisol.



91. Na imaxe anterior un traballador está a recoller unha carga do chan. Sinala que NON está a facer adecuadamente:

- A) Estirar as pernas
- B) Flexionar o lombo
- C) Separar os pés
- D) A e B son certas

92. Segundo o anexo I do procedemento P- PRL-19 de actuacións fronte a situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo do Servizo Galego de Saúde, que conduta é considerada acoso laboral?

- A) Condutas despóticas dirixidas indiscriminadamente a varios traballadores.
- B) Accións de represalia fronte a traballadores que expuxeron queixas, denuncias ou demandas fronte á organización, ou fronte aos que colaboraron cos reclamantes.
- C) Modificacións substanciais das condicións de traballo sen causa e sen seguir o procedemento legalmente establecido.
- D) Conflitos persoais e sindicais.

93. Á hora de seleccionar unha técnica adecuada en educación para a saúde, é necesario ter en conta os seguintes aspectos, sinala a resposta correcta:

- A) características do grupo diana.
- B) Medios e recursos dispoñibles.
- C) Experiencia do enfermeiro do traballo como docente.
- D) Todas as anteriores son correctas.

94. Segundo o Procedemento de actuación e apoio ao profesional (P- PRL 20) para calcular o índice de incidencia de agresións en período de tempo determinado, cal das seguintes fórmulas aplicará?:

- A) $(n^\circ \text{ traballadores agredidos} / n^\circ \text{ traballadores cadro de persoal}) \times 1000$.
- B) $(n^\circ \text{ traballadores agredidos} / \text{poboación asignada}) \times 1000 \text{ TIS}$.
- C) $(n^\circ \text{ traballadores agredidos} / \text{poboación asignada}) \times 1000$.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

95. Cal dos diferentes tipos de sinalización relacionados coa seguridade e a saúde dos traballadores é o máis xeralizado?

- A) Sinalización táctil.
- B) Sinalización olfativa.
- C) Sinalización acústica.
- D) Sinalización óptica.

96. A empresa ABC instalada na provincia de Lugo ten ao seu cargo 1850 traballadores e unha unidade básica sanitaria (UBS) dentro do servizo de prevención de riscos. Cumpre a dotación mínima de profesionais sanitarios establecida en RD 843/2011?

- A) Non, porque a existencia legal é de 1 UBS por cada mil traballadores ou fracción.
- B) Si, ata 2000 traballadores UBS.
- C) Depende do número de centros de traballo da empresa.
- D) Non, salvo autorización expresa.

97. Das seguintes actuacións ante un accidente laboral de risco biolóxico cunha agulla, sinala a NON recomendada:

- A) Cesar actividade se é posible.
- B) Informar ao superior inmediato.
- C) Tratar a ferida cun desinfectante.
- D) Informar ao paciente do sucedido.

98. Nun hospital realízase unha auditoría de avaliación do plan de minimización de riscos microbiolóxicos. Son responsabilidades dos auditores:

- A) Conservar e salvagardar os documentos pertencentes á auditoría.
- B) Elevar un informe cos resultados da auditoría.
- C) Comunicar e clarificar os requisitos da auditoría.
- D) Todas o son.

99. Xeralmente na quenda de noite obtense un menor rendemento e unha menor calidade do traballo realizado, especialmente entre:

- A) A 1 e as 4 da mañá.
- B) As 2 e as 5 da mañá.
- C) As 3 e as 6 da mañá.
- D) As 4 e as 7 da mañá.

100. Pedíronche un informe sobre crema hidratante en traballadores sanitarios para minimizar a irritación ou dermatite de contacto asociada a antisépticos e hixiene de mans. Para iso dispónse a ler a guía de recomendacións do CDC sobre este tema. Nela atopa que proporcionar aos traballadores cremas ou locións hidratantes minimiza a aparición de dermatite de contacto asociada á hixiene de mans cunha recomendación IA. Que quere dicir isto?

- A) A recomendación de proporcionar crema hidratante aos traballadores é unha opinión baseada en experiencias clínicas a través de estudos descritivos.
- B) A recomendación de proporcionar crema hidratante aos traballadores trátase dunha evidencia obtida polo menos a través dun ensaio clínico aleatorizado e ben controlado.
- C) Non existe evidencia suficiente para recomendar ou desaconsellar o proporcionar crema hidratante aos traballadores.
- D) Hai certa evidencia para recomendar esta práctica, pero non é concluínte. Con todo, o sentido común lévanos a facer a recomendación.

101. O procedemento que establece os mecanismos de actuación para a revisión do Sistema de Xestión de Prevención de Riscos Laborais (SXPRL) por parte das correspondentes xerencias das estruturas de xestión e da dirección do Servicio Galego de Saúde é:

- A) P-PRL 17.
- B) P-PRL 16.
- C) P-PRL 21.
- D) P-PRL 8.

102. Realízase un estudo para coñecer a porcentaxe de traballadores que recibiron consello para deixar de fumar no último ano. Para iso cóllese unha primeira historia ao azar e despois cada unha das que ocupa a posición 10 a partir da anterior. Este procedemento de mostraxe denomínase:

- A) Por conglomerados.
- B) Consecutivo.
- C) Sistemático.
- D) Estratificado.

103. Indica cal será o código de enfermidade profesional a cubrir no formulario de comunicación de sospeita para unha hepatite C que adquire unha facultativa dun hospital da rede pública como consecuencia dunha exposición accidental con risco biolóxico.

- A) 3A0101.
- B) 4C0101.
- C) 2A0101.
- D) 1A0101.

104. Unha muller de 45 anos de idade, consumidora de 50 g de etanol por día, segundo a OMS (Organización Mundial da Saúde) consideraríase como:

- A) Consumo de risco.
- B) Ausencia de risco.
- C) Consumo moderado.
- D) Son certas B e C.

105. Ante incidentes ou sospeita de interrupción da cadea de frío, cal será a intervención da persoa responsable das vacinas?

- A) Restauraranse as condicións de conservación adecuadas.
- B) Identifícaranse adecuadamente as vacinas afectadas segundo tipo, nome comercial, lote, data de caducidade e número de dose.
- C) Realízase unha avaliación da incidencia que incluírá data, hora, rexistro de máximas e mínimas, identificación de causas e valoración das consecuencias.
- D) Todas son certas.

106. A administración da comunidade autónoma galega ten representación na Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no traballo. Cando esta actúa en pleno, a cantos vogais correspóndelle a comunidade autónoma de Galicia?

- A) 2.
- B) 1.
- C) 3.
- D) Rótase coas outras comunidades autónomas.

107. As cores en seguridade marcan un significado e unha aplicación. Cal das seguintes afirmacións é falsa?

- A) A cor amarela significa situación de seguridade e primeiros auxilios e utilízase en corredores e saídas de socorro.
- B) A cor vermella ten un significado de parada, sinala a prohibición e é un dispositivo de desconexión de urxencia.
- C) A cor verde significa atención, perigo, sinala riscos e obstáculos.
- D) A cor azul sinala obrigas e aplicase en equipos de protección persoal.

108. O traballador Don X.A.B foi designado pola súa formación específica membro da estrutura organizativa do sistema de prevención de riscos laborais previsto no plan de prevención de empresa ABC, na que presta servizos:

- A) É correcto.
- B) Non é posible en ningún caso.
- C) É posible se se recorre a un servizo de prevención alleo.
- D) Son certas B e C.

109. Segundo o artigo 22.1 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, o empresario garantirá a vixilancia da saúde periódica en función dos riscos inherentes do traballo:

- A) A vixilancia da saúde será sempre obrigatoria
- B) A vixilancia da saúde será sempre voluntaria
- C) A vixilancia da saúde será sempre voluntaria, salvo excepcións
- D) Todas son falsas

110. Actuación máis adecuada cando realizamos un control postvacinal fronte ao virus da Hepatite B tras poñer 3 doses de vacina, e o resultado da seroloxía é Hepatite B ANTI-HBs: 3 mUI/ml:

- A) Se considerará non respondedor, polo que non é preciso realizar nova vacinación.
- B) Administrarase 1 pauta completa de 3 doses e realizarase unha nova seroloxía entre 1 e 2 meses tras a vacinación. Se o resultado é Hepatite B NATI-HBs: maior ou igual a 10 mUI/ml, se considerará adecuadamente vacunado.
- C) Administrarase 1 pauta completa de 3 doses e realizarase unha nova seroloxía entre 1 e 2 meses tras a vacinación. Se o resultado é Hepatite B ANTI-HBs é maior ou igual a 8 mUI/ml, considerarase adecuadamente vacunado.
- D) Administrarase 1 dose de vacina e realizarase unha nova seroloxía entre 1 e 2 meses tras a vacinación. Se o título de Hepatite B ANTI-HBs é maior ou igual a 10 mUI/ml, considerarase adecuadamente vacunado.